

Convenio entre a Consellería do Mar e da Confraría de pescadores de Vilaboa Pedra da Oliveira para o desenvolvemento dun proxecto de restauración de hábitats e zonas de produción marisqueira

En Santiago de Compostela, na data das sinaturas dixitais

REUNIDOS

Dunha parte, Dña. Marta Villaverde Acuña, Conselleira do Mar, nomeada polo Decreto 35/2025, do 4 de xuño (DOG n.º 106 do 5 de xuño de 2025), actuando en nome e representación da Consellería do Mar, en virtude das facultades recoñecidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

E doutra, D. Jesús González García na súa condición de Patrón Maior da Confraría de pescadores de Vilaboa Pedra da Oliveira, actuando no nome e representación da mesma ao abeiro das facultades que lle outorga o artigo 31 dos estatutos da propia entidade.

Ambas as partes declaran atoparse debidamente facultadas e coa capacidade necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio, a cuxo efecto

EXPOÑEN

Primeiro

Que o Estatuto de Autonomía de Galicia atribúelle á Comunidade Autónoma, nos seus artigos 27 e 28, a competencia exclusiva en materia de pesca en augas interiores, marisqueo e acuicultura, así como a competencia para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado no ámbito da ordenación do sector pesqueiro.

Que a Consellería do Mar é o órgano da Administración galega ao que lle corresponden as competencias en materia de ordenación e fomento do sector pesqueiro, marisqueiro, acuícola e de transformación de produtos do mar no ámbito de Galicia, de conformidade co establecido no Estatuto de Autonomía para Galicia e segundo os termos sinalados pola Constitución Española, sen prexuízo das competencias que lles poidan corresponder a outros organismos da Comunidade Autónoma de Galicia.

En exercicio destas competencias ditouse a Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, e sinala nos seus artigos 1 e 2 que esta lei ten por obxecto a regulación, no ámbito das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, entre outras materias, a da adopción de medidas de conservación, protección e rexeneración dos recursos mariños vivos e que a política pesqueira galega ten por finalidade a viabilidade duradeira do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola galego, garantindo a mellora das condicións de



vida e traballo das persoas que se dedican a estas actividades mediante a explotación sustentable, equilibrada e responsable dos recursos.

Que o Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo de 2021, polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004, establece no seu artigo 3 as prioridades da Unión Europea para contribuír á aplicación da política pesqueira común e á política marítima da Unión; doutra banda, tamén sinala que o FEMPA contribuír á consecución dos obxectivos medioambientais e de mitigación do cambio climático e de adaptación a este da Unión. Neste sentido, no ámbito da pesca e do medio mariño, o FEMPA establece o seguinte obxectivo para o período 2021-2027: “manter a pesca como actividade produtora sostible mediante a xestión sostible e a conservación dos ecosistemas mariños”.

Que a prioridade 1 do artigo 3 do citado Regulamento 2021/1139 fai mención ao fomento da pesca sostible e a recuperación e conservación dos recursos biolóxicos acuáticos, desenvolvendo obxectivos específicos entre os que se atopan: reforzar as actividades pesqueiras que sexan económica, social e medioambientalmente sostibles, obter datos fiables que permitan tomar decisións baseadas no coñecemento e contribuír á protección e á recuperación da biodiversidade e os ecosistemas acuáticos. Dentro desta prioridade regúlase no artigo 14 o obxectivo específico 1.6 de contribuír á protección e a recuperación da biodiversidade e os ecosistemas mariños. Incluído neste obxectivo específico está o tipo de actividade 1.6.1. relativa ás medidas de protección do medio mariño. Ademais, o apoio no marco FEMPA contribuír á consecución dos obxectivos ambientais e de mitigación do cambio climático.

Segundo

As confrarías de pescadores, tal como se definen as ditas entidades na Lei 9/1993, do 8 de xullo, son corporacións de dereito público, dotadas de personalidade xurídica e capacidade de obrar para o cumprimento dos fins e o exercicio das funcións que lles están encomendadas, que actúan como órganos de consulta e colaboración coa Administración na promoción do sector pesqueiro e representan intereses económicos e corporativos dos profesionais do sector, sen prexuízo da representación que posúen as organizacións de empresarios e traballadores da pesca. As entidades poden, así mesmo, desenvolver actividades propias de organización e comercialización da produción no sector pesqueiro, marisqueiro e da acuicultura.

A citada lei recoñécelle ás confrarías ou as súas federacións a facultade de establecer, entre si ou con outras entidades, convenios de colaboración, sempre que teñan un obxecto lícito e a súa consecución redunde nun mellor cumprimento dos seus fins.

A entidade é titular dun plan de xestión en base ao disposto na Orde do 21 de decembro de 2023 pola que se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira para o trienio 2024-2026, e inscrita no seu correspondente rexistro, que teñan



recoñecidos por lei ou polos seus estatutos a capacidade de asinar convenios de colaboración coas administracións públicas.

Terceiro

As actividades pesqueiras, marisqueiras e de acuicultura mariña, teñen unha grande importancia dentro do conxunto da actividade económica galega, propiciada polas excepciónais condicións naturais que concorren nas rías e augas marítimas interiores.

Sen embargo, dende finais de 2025 ata principios 2026 produciuse unha serie de cadeas de temporais con intensas e persistentes precipitacións que provocaron un aporte inusual de auga doce ás rías galegas. Isto deu lugar a unha drástica baixada de salinidade que provocou unha mortalidade moderada ou severa nos bancos marisqueiros de bivalvos, principalmente ameixas e berberecho.

Co obxecto de conservar, protexer e facer sustentable a explotación dos recursos mariños, é necesario adoptar medidas para a recuperación destes bancos marisqueiros, sendo precisa a colaboración co sector directamente implicado.

Cuarto

Por ese motivo, a Consellería do Mar elaborou o Plan de Medidas para a recuperación dos bancos marisqueiros que contempla no punto 4.2 que cando se diagnostique unha mortalidade severa ou moderada das especies principais nos bancos marisqueiros e as Confrarías/entidades (en adiante entidade) afectadas soliciten o peche de actividade extractiva por causa de forza maior, a Consellería do Mar ofreceralle a estas entidades a colaboración a través de convenios para o desenvolvemento de proxectos de restauración dos seus hábitat e zonas de produción marisqueiras.

Mediante estes convenios formalizarase o compromiso conxunto do sector marisqueiro e a Administración Galega coa finalidade de acadar unha axeitada e sustentable recuperación dos hábitats mariños e da produtividade dos bancos marisqueiros.

Quinto

Así pois, a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, e a Patrón Maior da Confraría de pescadores de Vilaboa Pedra da Oliveira, desexan establecer unha colaboración para desenvolver o proxecto de restauración de hábitats e zonas de produción marisqueira que se xunta no anexo

Sexto

Que para o desenvolvemento das funcións asumidas por cada unha das entidades participantes e xestionar de forma máis eficiente os fondos FEMPA asignados ás mesmas, así como regular as condicións e compromisos que correspondan a cada unha das partes, estas conveñen en formalizar, a tales efectos, o presente convenio que se rexerá polas seguintes



CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer a colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, e a Confraría de Pescadores de Vilaboa Pedra da Oliveira para o desenvolvemento dun Plan de recuperación dos bancos marisqueiros, vinculado unicamente ao episodio de baixada da salinidade do ano 2026.

Segunda.- Tarefas a realizar

Considéranse accións elixibles, que figurarán no proxecto de restauración de hábitats e áreas marisqueiras afectadas pola redución de salinidade as que se detallan a continuación:

- a) A redacción do proxecto técnico cando este resulte exixible pola normativa aplicable e sempre que a actuación a que se refira resulte subvencionable.
- b) A contratación de empresas, profesionais ou entidades prestadoras de servizos para realizar accións de restauración de bancos marisqueiros.
- c) A adquisición de equipos e material necesario para desenvolver as accións descritas no punto anterior. Os que teñan un importe igual ou superior a 3.000 € serán considerados coma bens de investimento e, por tanto, non se subvencionarán.
- d) A adquisición de semente de especies marisqueiras autóctonas.
- e) As labores de restauración da biodiversidade, seguimento dos bancos marisqueiros e formación realizadas directamente polas persoas asociadas da entidade solicitante baixo as seguintes condicións :

- Que teñan permiso de explotación marisqueira en vigor
- A cantidade a percibir e incompatible coa percepción de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para la mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público o privado, autonómicos, nacionais, da Unión Europea ou dos organismos internacionais.
- A cantidade a percibir por cada mariscador, por estas labores será de 14,46 euros por hora de traballo efectivo que serán realizadas en xornadas de 4 horas diarias de media, non superando en ningún caso os 700 euros mensuais.



f) As entidades asinantes poderán imputar un máximo do 7% (sete por cento) do total executado en concepto de custos indirectos derivados da xestión e coordinación das actividades obxecto deste convenio.

Terceira.- Obrigas das partes

As partes comprométese a realizar as seguintes actuacións para o cumprimento do obxecto do convenio:

Obrigas da entidade

Na execución do convenio coa entidade, esta comprométese:

1. Desenvolver o “Plan de restauración de hábitats e zonas de produción marisqueira (modalidade de a pé) entidade ” que se xunta como anexo e que conterá ao menos:
 - Programación de traballos de conservación , mantemento ou mellora das condicións do hábitat e/ou mellora da produción
 - Accións de control, seguimento e vixilancia dos bancos marisqueiros
 - Cronograma
 - Control e seguimento do plan
 - Orzamento
2. Achegar os medios necesarios para levar a cabo as accións recollidas no proxecto de rexeneración, aportando os medios que sexan necesarios e contratando ou adquirindo aqueles dos que non dispoña.
3. Seguimento conxunto coa Consellería das accións e tomar as medidas oportunas para o seu normal desenvolvemento.
4. Axustarse aos principios de publicidade, obxectividade, concorrência e non discriminación para levar a cabo calquera actividade derivada deste convenio que non estea reservada á execución da propia entidade pesqueira ou dos seus membros.
5. Poñer en coñecemento da Consellería calquera incidencia que afecte á realización ou desenvolvemento posterior das accións efectuadas e proporcionarlle a información que lle sexa requirida sobre as accións obxecto deste convenio.

En particular, cando se produza unha interrupción ou a finalización das accións obxecto do convenio por parte da entidade, comunicarse esta situación á consellería no prazo máximo dunha semana dende que teña lugar dita interrupción ou finalización. O inicio da actividade, tras unha interrupción temporal, tamén deberá ser comunicada á consellería no mesmo prazo.

6. A entidade garantirá a confidencialidade e integridade da información obtida ou dos datos tratados no desenvolvemento das accións contempladas no proxecto de rexeneración obxecto deste convenio, non podendo comunicar ou divulgar a terceiros a información ou datos que manexen, salvo consentimento explícito da consellería.



7. Someterse ás actuacións de verificación, así como ás actuacións de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en relación cos fondos aplicados, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, ás da autoridade de xestión e, no seu caso, dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo, e facilitar tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

8. Facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas ou calquera outra instancia autonómica, estatal ou comunitaria de control, no exercicio das súas respectivas funcións de fiscalización e control do destino dos fondos aplicados, e facilitar a inspección e control dos órganos da Consellería do Mar co fin de supervisar o cumprimento das actividades do convenio.

9. Manter un sistema de contabilidade separado ou un código de contabilidade apropiado que proporcione un rexistro de auditoría adecuado en relación con todos os gastos correspondentes aos investimentos realizados en virtude deste convenio, e conservar a documentación xustificativa relativa ao seu financiamento.

10. Custodiar e conservar a documentación da actividade financiada polo FEMPA, de conformidade co artigo 82 do Regulamento (UE) nº 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns. Neste sentido, deberanse conservar os documentos xustificativos e demais documentación relativa ao financiamento durante un período de cinco anos, a partir do 31 de decembro do ano no que se realizou o último pago.

Obrigas da Consellería

Para a execución do convenio a Consellería comprométese a:

1. Achegar a cantidade máxima que se indica na cláusula cuarta.
2. Destinar os medios persoais e materiais propios dispoñibles que sexan necesarios para o desenvolvemento e coordinación das accións obxecto do proxecto de rexeneración.
3. Realizar un seguimento conxunto coa entidade das accións e tomar as medidas oportunas para o seu normal desenvolvemento.

Compromisos comúns das partes

As partes comprométese a realizar as seguintes actuacións para o cumprimento do obxecto do convenio:

1. Participar nas actividades colaborativas organizadas no marco do convenio.
2. Entregarse mutuamente calquera información que sexa necesaria para o correcto desenvolvemento das diferentes actividades, feito, problema ou atraso que poida afectar adversamente o desenvolvemento do convenio. Así mesmo, as partes proporcionarán, sen demora, toda a información precisa para levar a cabo as súas tarefas.



Cuarta .- Réxime económico

O importe total das achegas previstas no convenio por parte da Consellería do Mar ascende a un total de trescentos oitenta mil novecientos cuarenta e seis euros con sete céntimos (380.946,07 €), distribuídos en dúas anualidades: cento noventa e nove mil novecientos vintetrés euros con catorce céntimos (199.923,14 €) no 2026 e cento oitenta e un mil vintedous euros con noventa e tres céntimos (181.022,93€) no 2027.

O importe total será cofinanciado polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) nun 70%, correspondendo o 30% restante á Administración autonómica.

As citadas achegas financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 16.03.723A.6042 e Código de proxecto: 202600107 dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Faise constar tamén a elixibilidade da actuación que se pretende no marco da Prioridade da Unión, Obxectivo e Tipo de Actividade do FEMPA 1.6.1: Medidas de protección do medio mariño, prevista no artigo 14 do Regulamento (UE) 2021/1139, do 7 de xullo de 2021. Esta participación farase constar en todas cantas actuacións se realicen ao amparo deste convenio.

Os gastos deberán ser realizados, facturados e efectivamente pagados dentro do ámbito temporal do propio convenio e, por tanto, no referido unicamente a actuacións realizadas unha vez xurda efectos o convenio e ata o remate do meso, coas seguintes datas de xustificación para os períodos de realización de gastos e pagos imputables a cada anualidade:

Data límite de xustificación	Período imputable
30 de novembro de 2026	Dende o inicio de vixencia do convenio ata o 30/11/2026
1 mes antes do remate do presente convenio	Dende o 01/12/2026 ata un mes antes do remate do presente convenio

Non obstante os gastos realizados dende a data de comunicación por parte da entidade sobre a suspensión da actividade extractiva , que teñan relación coas actuacións obxecto deste convenio no marco do plan de restauración de hábitats e zonas de produción marisqueira(modalidade a pé), poderán contemplarse sempre que estean debidamente xustificadas documentalmente .

Os pagos efectuaranse, con carácter bimensual, unha vez cumpridos os requisitos mencionados, e sempre previa certificación de servizo da consellería, que acredite a conformidade coa realización das actuacións a que se refiren os xustificantes entregados pola entidade.

As cantidades indicadas faranse efectivas pola Xunta de Galicia mediante transferencia bancaria en conta aberta a nome da entidade que esta indique e certifique (indicando o concepto da transferencia ou código identificativo acordado), e previa conformidade do ordenante do pago, con alusión ao cumprimento das actividades recollidas na cláusula segunda.



Esta conformidade realizarase unha vez completadas as actividades obxecto deste convenio e previa presentación á Consellería do Mar da seguinte documentación xustificativa:

1. Certificados que acrediten que a entidade está ao corrente no pagamento das súas obrigas tributarias coa facenda estatal e sociais, así como que non ten débedas pendentes de pagamento coa Xunta de Galicia, ou ben consentimento expreso para que a consellería obteña dos organismos competentes estes certificados.

2. Certificación acreditativa das accións obxecto do convenio realizadas no período, asinada polo secretario ou secretaria dos órganos de goberno da entidade co visto e prace do patrón ou patroa maior/ou responsable da entidade. No caso de traballos realizados polas persoas mariscadoras asociadas á entidade, a certificación deberá incluír: labores realizadas, listado de participantes con horas de traballo dedicado de cada un dos participantes, segundo o establecido no proxecto de rexeneración asociado . Esta certificación incluírá a acreditación da publicidade realizada.

3. Memoria económica coa xustificación dos gastos incorridos. A memoria incluírá:

- Documentación acreditativa dos gastos, consistente en facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. Cando o beneficiario non dispoña de facturas electrónicas, deberá anexar unha copia en formato PDF dos documentos orixinais, agás no caso de labores realizadas directamente polas persoas asociadas.

- Documentación xustificativa do pago: copia de transferencias bancarias, certificados bancarios ou extractos bancarios, ou documentos obtidos a través de banca electrónica. Nestes documentos deberán estar claramente identificados o receptor e o emisor do pago, o número e a cantidade total da factura pagada.

4. Relación detallada doutros ingresos ou axudas que financiasen a actividade obxecto da transferencia, con indicación da súa contía e orixe (declaración de axudas solicitadas ou outorgadas para o mesmo proxecto ou para as mesmas partidas de gastos, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional).

5. Certificado bancario acreditativo da titularidade e identificación da conta para o pagamento.

6. Indicación do lugar e do órgano de custodia da documentación acreditativa orixinal.

Sen prexuízo da documentación sinalada nos puntos anteriores, poderá ser requirida a achega de datos, documentos complementarios e aclaracións que sexan necesarios para a tramitación e resolución do procedemento. A Consellería do Mar efectuará o control que considere necesario a través dos seus propios medios.

En todo caso, a xustificación axustarase ás esixencias da normativa da Unión Europea e nacional relativa ao FEMPA e presentarase nun prazo máximo de 15 días naturais logo do remate do período bimensual indicado.

Procederase ao reintegro, total ou parcial, dos fondos recibidos e os xuros de demora devindicados dende o momento do pago e ata a data na que se acorde a procedencia



do reintegro, en caso de incumprimento das condicións establecidas neste convenio e que imposibilitan a percepción económica compensatoria do traballo realizado.

Quinta.- Información do financiamento a través do FEMPA

As partes cumprirán coas obrigas específicas de información en relación co financiamento por parte da Unión Europea da actividade subvencionada. Segundo o artigo 50 do Regulamento (UE) nº 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns (no relativo ao FEMPA), os perceptores de fondos da Unión farán mención da fonte de financiamento e velarán por darlle visibilidade, en particular:

- a) Se o beneficiario dispón de web e redes sociais incluírán unha breve descrición da operación, con obxectivos e resultados, destacando a axuda financeira da UE.
- b) En documentos e materiais de comunicación relacionados coa execución da operación destinados ao público ou participantes, engadir unha declaración que destaque a axuda da UE.
- c) Placas ou valo publicitario en lugares ben visibles ao público nas que apareza: emblema da UE ao comezo da execución física da operación que implique investimento físico ou se instalen equipos adquiridos, sempre e cando a operación teña un custo total superior a 100.000 €.
- d) Para operacións non incluídas no apartado c), exhibir nun lugar ben visible para o público un cartel de tamaño mínimo A3 ou unha pantalla electrónica con información sobre a operación destacando a axuda do FEMPA. Cando o beneficiario/a sexa unha persoa física, na medida do posible destacará a axuda do FEMPA nun lugar visible para o público ou mediante unha pantalla electrónica.

Sexta. - Medidas antifraude

De acordo co Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude da Xunta de Galicia, todas as entidades deberán aplicar e esixir medidas antifraude, así como cubrir as oportunas declaracións de ausencia de conflito de intereses.

Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que poidan constituír fraude ou irregularidade en relación cos proxectos financiados con cargo a fondos da Unión Europea, como é o caso deste convenio, poderán poñelos n o coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) da Intervención Xeral da Administración do Estado, polos medios electrónicos a través da canle habilitada para o efecto polo dito servizo no enderezo web <http://www.igae.pap.minhafp.gob.es/sitios/igae/es-ES/Paginas/denan.aspx>, e nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, do 6 de abril, que se pode consultar no enderezo web <http://www.igae.pap.minhafp.gob.es/sitios/igae/es-ES/snca/Documents/ComunicacionSNCA06-04-2017Canaldenuncias.pdf>.



Sen prexuízo disto, tamén poderá utilizarse a ligazón de denuncias sobre irregularidades ou condutas fraudulentas que terá a súa sede no Sistema Integrado de Atención ao Cidadán (SIACI): <https://transparencia.xunta.gal/canle-de-denuncias>.

Sétima- Comisión mixta de seguimento

Constituirase unha comisión mixta para o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio, que asegure o bo fin e cumprimento do mesmo.

Forman parte desta comisión dous representantes designados polos órganos reitores da entidade, un dos cales será presidente ou presidenta de agrupacións sectoriais do sector marisqueiro, no caso de estar constituídas, e outros dous designados pola Consellería.

A comisión deberá reunirse semestralmente para definir as accións a desenvolver e coordinar estas e será a encargada de resolver as dúbidas que xurdan na interpretación do convenio e de solucionar as posibles discrepancias que se presenten na súa execución.

A asistencia ás reunións que celebre a comisión terá carácter delegable en persoas pertencentes á mesma entidade da que delegue. Así mesmo, poderán asistir ás mesmas, con voz e sen voto, aquelas persoas que sexan requiridas en función da súa experiencia ou profesionalidade e por razón da materia concreta da que se vaia a tratar.

A comisión mixta de seguimento rexerase polo establecido para os órganos colexiados na sección III, capítulo I do título primeiro da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Oitava.- Modificación

As partes poderán modificar, por acordo mutuo, os termos do presente convenio, debendo quedar reflectido por escrito a través da subscripción dunha addenda dentro do período de vixencia do mesmo.

Así mesmo, de conformidade co previsto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Estas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución, e terán igualmente que substanciarse mediante a formalización dunha addenda para o efecto entre as partes antes da finalización do convenio.



Novena.- Extinción do convenio e consecuencias en caso de incumprimento

Este convenio extinguirase no caso do remate do período de suspensión da actividade establecida na medida de adaptación do Plan de Xestión que deu orixe ao presente convenio, e de acordo co previsto no artigo 51.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, o presente convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución. Serán causas de resolución:

- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo
- O acordo unánime dos asinantes
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes
- A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio
- Calquera outra causa distinta das anteriores prevista nas leis

En caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes, a parte afectada convocará á comisión mixta de seguimento establecida na cláusula sexta para os efectos da adopción das medidas necesarias para o seu cumprimento.

Se tras a actuación da comisión mixta de seguimento persistise o incumprimento, entenderase resolto o convenio por tal motivo e a parte afectada poderá esixir á incumpridora a indemnización por danos e perdas que legalmente lle corresponda.

Cando concorra algunha causa de resolución do convenio, se existen actuacións en curso de execución, poderase acordar, a proposta da comisión mixta de seguimento, a continuación e finalización destas nun prazo improrrogable, transcorrido o cal o convenio deberá liquidarse. Este prazo será fixado polas partes cando se resolva o convenio, de conformidade co previsto no artigo 52.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Décima.- Réxime xurídico e resolución de conflitos

Este convenio ten carácter administrativo e rexerese polas súas propias cláusulas e polo réxime xurídico en materia de convenios, previsto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, coa especialidade prevista no artigo 69 da Lei 9/2021, de 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia

As partes acordan que calquera diverxencia, discrepancia ou controversia que puidesen xurdir relativas á interpretación ou execución do presente convenio, que non poida resolverse pola comisión mixta de seguimento indicada na cláusula sétima, poderá ser sometida aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa.



Décimo primeira. Incompatibilidade

Este convenio resulta incompatible coa obtención de calquera outro financiamento con cargo ao FEMPA destinado a actuacións de rexeneración ou obxectivos coincidentes. De existir unha solicitude previa en trámite, será obrigatorio formalizar a súa renuncia expresa como condición previa á eficacia deste acordo.

Decimo segunda.- Vixencia

A duración do presente convenio será de 12 meses a partir da sinatura do mesmo cunha vixencia dun mes máis aos efectos de xustificación e control, en todo caso esta vixencia non superará o 31 de decembro de 2027.

Así mesmo, este convenio será obxecto de publicación segundo o establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración galega.

Non obstante, este convenio tipo será susceptible de prórroga, antes da súa finalización, sempre que exista acordo entre as partes. Tal prórroga articularase a través dunha addenda.

Décimo terceira.- Persoal

O persoal dedicado á execución dos traballos recollidos no proxecto de rexeneración dependerá única e exclusivamente da entidade, agás os que achegue a Consellería. Polo tanto, a Administración Autonómica é allea a ditas relacións laborais, mantendo tal posición durante a execución do dito proxecto. Dese xeito, a entidade será a única responsable dos incumprimentos que se produzan en ditas relacións laborais, así como do que respecta ás obrigas de seguridade social e de seguridade e saúde no traballo.

Décimo cuarta.- Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais

As partes asinantes comprométense a tratar os datos de carácter persoal a que, no seu caso, teñan acceso ou sexan obxecto de cesión no marco de aplicación do presente convenio, de conformidade co que dispón o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, e demais normativa aplicable en materia de protección de datos.

Décimo quinta.- Transparencia e bo goberno na Administración Pública Galega

De conformidade co establecido nos artigos 12 a 16 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, en concordancia cos artigos 24 e 25 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os asinantes outorgan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no



convenio e no resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Así mesmo, en virtude do disposto no artigo 4 da antedita Lei 1/2016, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións, atoparanse obrigadas a subministrarlle á administración, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento, por aquela, das obrigas previstas no título I da citada Lei.

No relativo ás obrigas específicas de información sobre convenios e subvencións, estarase ao previsto nos artigos 15 e 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Asemade, será obxecto de publicidade no Rexistro de axudas, subvencións e convenios, ao abeiro do disposto nos Decretos 126/2006, do 20 de xullo e 132/2006, do 27 de xullo.

E, en proba de conformidade, as partes subscriben o presente convenio, constando como data do mesmo a correspondente á última sinatura realizada.

Pola Consellería do Mar

Marta Villaverde Acuña

Conselleira do Mar

Pola entidade

Jesús González García

Patrón Maior



PLAN DE RESTAURACIÓN DE HÁBITATS E ZONAS DE PRODUCCIÓN MARISQUEIRA (MODALIDADE DE A PÉ) DA CONFRARIA DE PESCADORES DE VILABOA PEDRA DA OLIVEIRA

1.- DATOS XERAIS:

PLAN/S DE XESTIÓN AFECTADOS: PLAN MARISQUEO A PE VILABOA
ÁMBITO DE ACTUACIÓN: Ámbito do/s plan/s de xestión dos recursos marisqueiros DENDE PUNTA PEREIRÓ ATA PUNTA DO CABALO
Nº PERSOAS MARISCADORAS A PÉ DA ENTIDADE: 48
Nº DE XORNADAS DE TRABALLOS: 132 xornadas totais, aproximadamene (24.768 horas totais)
REDACTOR E FIRMANTE DO DOCUMENTO: MARÍA I. RIOBÓ SANLUIS

	2026							2027				
MESES	6	7	8	9	10	11	12	1	2	3	4	5
Xornadas de traballo/mariscadora	6	6	12	12	12	12	12	12	12	12	12	12
Horas previstas/mariscadora	18	18	48	48	48	48	48	48	48	48	48	48

	2026							2027				
MESES	6	7	8	9	10	11	12	1	2	3	4	5
Nº persoas mariscadoras participantes no convenio	0	0	48	48	48	48	48	48	48	48	48	48

2.- ACCIÓNS CONTEMPLADAS:

2.1 PROGRAMACIÓN DE TRABALLOS DE CONSERVACIÓN, MANTEMENTO OU



MELLORA DAS CONDICIÓNS DO HÁBITAT E/OU MELLORA DA PRODUCCIÓN:

TIPO DE ACCIÓN: (A cubrir cada acción que se vaia a levar a cabo en cada banco tantas veces como sexa necesario)

2.1.1 ACONDICIONAMENTO E ENMENDA DO SUBSTRATO (APORTE DE ÁRIDOS)

Banco e superficie para a execución da tarefa:
Deilán (1.000 m²)

Descrición da tipoloxía de substrato:
Sedimento con predominio de materiais finos de tipo lamacentos.

Metodoloxía:

A actividade principal a realizar é o aporte de áridos nunha zona localizada no banco marisqueiro de Deilán, con sedimentos procedentes dunha empresa de áridos. Dentro de estas actividades está previsto executar diferentes actuacións:

- Traslado e depósito de áridos no banco de Deilán, que será realizado por unha empresa de áridos contratada.
- Estender o sedimento, co obxecto de nivelar e homoxeneizar o mellor posible os áridos aportados. Esta acción, que será realizada por unha empresa contratada e con axuda de maquinaria apropiada para esta finalidade, irá desenvolvéndose de forma continuada, a medida que se vaian depositando os áridos.
- Labores de restauración da biodiversidade, realizadas directamente polas propias mariscadoras, consisten en rematar o traballo de nivelar o sedimento, despois de finalizar os anteriores e unha vez asentado o sedimento

Materiais empregados:
Para as labores realizadas polas propias mariscadoras as ferramentas a empregar serán legóns e aixadas.

Cronograma/ Calendario:

A empresa subministradora de áridos está previsto que realice o traballo nos meses de xuño, xullo e agosto. Nestes mesmos meses farase o traballo de estender esta area.
Posteriormente, o colectivo de marisqueo a pe levará a cabo as labores necesarias para rematar de nivelar o terreo nos meses de setembro e outubro.

Orzamento:
- Áridos- 5.088,00 €
- Estender a area con maquinaria- 1.910,00 €
- Labores realizadas polas mariscadoras, en función das necesidades detectadas no momento.

Observacións:

2.1.2 ACONDICIONAMENTO DO SUBSTRATO (ACONDICIONAMENTO CANLES FLUVIAIS)

Banco e superficie para a execución da tarefa:



Deilán e Riomaioir
Descrición da tipoloxía de substrato: Zonas moi degradadas, con exceso de finos, que impide toda acción de semicultivo e dificulta a fixación larvaria e o recrutamento de especies comerciais. En xeral, son zonas improdutivas, sen apenas biodiversidade. A causa da degradación destas zonas está relacionada coa súa proximidade ás canles de desembocadura dos ríos. Na baixamar, debido á obstrución destas por acumulación de materiais finos a gran maioría, provocan inundacións de auga doce que afectan ás especies comerciais. As consecuencias son a baixada de salinidade e a acumulación de materiais finos, que degradan o hábitat e producen perda de produtividade.
Metodoloxía: As actividades propostas son a restauración e limpeza das canles fluviais localizáranse en dous bancos marisqueiros: - Deilán, na canle de drenaxe do río principal, nuns 150 metros de lonxitude; e noutro secundario, en 75 metros aproximadamente - Riomaioir, na canle do río Maior, nuns 200 metros de lonxitude Para levalas a cabo contratarase o servizo dunha empresa, que realizará as actuacións con axuda de maquinaria apropiada, cun impacto mínimo no banco marisqueiro.
Materiais empregados: Excavadora
Cronograma/ Calendario: O traballo de acondicionamento das canles dos ríos está previsto que o realice a empresa a contratar no mes de xullo en Riomaioir e no mes de outubro en Deilán.
Orzamento: 2.040,00 €
Observacións: Esta actividade será realizada exclusivamente pola empresa contratada, non tendo orzamento asociado á tarefas realizadas polas propias mariscadoras.

2.1.3 ACONDICIONAMENTO DO SUBSTRATO (REMOCIÓN)
Banco e superficie para a execución da tarefa: Cabalo, Deilán, Riomaioir e San Adrián
Descrición da tipoloxía de substrato: Substratos lamacentos e compactados



Metodoloxía: A remoción do sedimento é unha práctica imprescindible para impedir a perda de biodiversidade dos bancos marisqueiros de natureza sedimentaria, con tendencia á acumulación de finos, proliferación masiva de algas verdes, anoxia e compactación do sedimento. Esta remoción realizarase tanto con medios mecánicos como de forma manual. A remoción con medios mecánicos será levado a cabo con maquinaria propiedade da Confraría e manexado por persoal do colectivo de marisqueo a pe. Realizarase nas zonas do banco marisqueiro onde o tipo de sedimento permita traballar con maquinaria. O resto das zonas, con sedimentos excesivamente lamacentos ou presenza de rochas, serán traballadas a man.
Materiais empregados: Tractor con mecanismo de ganchos remolcados, que realizan a función de labrado do sedimento. Ademais botas de auga e angazos, para remoción manual.
Cronograma/ Calendario: A remoción do sedimento realizarase durante todo o ano, en función das necesidades que se vaian detectando nos distintos bancos marisqueiros, prevéndose que sexa mais intensa na primavera, tanto do ano 2026 como no 2027.
Orzamento: - Botas de auga- 41,70 €/mariscadora (total 2.001,60 €) - Labores realizadas polas mariscadoras, en función das necesidades detectadas no momento.
Observacións:

2.1.4 CONTROL DE DEPRADADORES/COMPETIDORES
Banco e superficie para a execución da tarefa: Todos os bancos marisqueiros intermareais
Especie/es a retirar: Ouxas (<i>Myliobatis aquila</i>)
Metodoloxía: Captura de ouxas con axuda da arte de enmalle raeiras. Unha embarcación socia da Confraría será a encargada de levar a cabo esta tarefa, catro días ó mes. Estes exemplares serán utilizados para realizar un control de tallas, diferenciación de sexos, contido estomacal ou identificación de zonas de distribución. Isto permitirá ampliar a información que existe actualmente sobre esta especie depredadora de bivalvos. Estas tarefas de recollida de información será realizada pola técnica da Confraría, co apoio do colectivo de marisqueo a pe.



Materiais empregados: Raeira
Cronograma/ Calendario: Tendo en conta que a época cando se teñen detectado máis exemplares desta especie é no verán, a previsión é realizar esta actuación nos meses de xullo a outubro, catro días cada mes.
Orzamento: - Raeira- 170€ - Saída embarcación/ día – 200 € (total 3.200 €) - Labores realizadas polas propias mariscadoras, en función das necesidades do momento.
Observacións:

2.1.5 CONTROL DE EXÓTICAS
Banco e superficie para a execución da tarefa:
Especie/es a retirar:
Metodoloxía:
Materiais empregados:
Cronograma/ Calendario:
Orzamento:
Observacións:

2.1.6 RETIRADA DE RESTOS ORGÁNICOS E INORGÁNICOS
Banco e superficie para a execución da tarefa: Cabalo, Deilán, Riomaio e San Adrián
Metodoloxía: Retirada de lixo mariño, de forma manual, con apoio de vehículo para transporte ata o punto de acumulación en terra. Ademais retirada de algas clorofíceas, con axuda de maquinaria específica. Esta maquinaria pode traballar só en certas zonas, dependendo do sedimento, presenza de rochas, distancia á Confraría, acceso ó banco, posibilidade de descarga en terra, etc.; por este motivo no resto das zonas a retirada de algas realízase de forma manual. Como complemento das propias accións de retirada de materiais orgánicos e inorgánicos, esta actuación complementase con varias xornadas de concienciación, divulgación e presentación de resultados da recollida de lixo mariño.
Materiais empregados: Luvas, angazos, capachos, tractor con remolque, furgoneta, tractor e autocargador de algas.



Cronograma/ Calendario:

Estas tarefas realizaranse durante todo o ano, especialmente a retirada de algas, en función da acumulación destes materiais nos bancos marisqueiros.

Orzamento:

Ano 2026

- Mellora do sistema de autocargador de algas- 584,35 €
- Material recollida a pé (luvas)- 165,29 €
- Subcontratación visita formativa - 1.944,07 €
- Subcontratación material divulgación (gorras) - 300,00 €
- Subcontratación obradoiro artelixo - 988,35 €
- Labores realizadas polas mariscadoras, en función das necesidades detectadas no momento.

Ano 2027

- Subcontratación recollida de residuos mariños- 2.274,77 €
- Subcontratación xornada presentación resultados- 326,34 €
- Labores realizadas polas mariscadoras, en función das necesidades detectadas no momento.

Observacións:

2.1.7 RAREOS E TRASLADOS

Especie a rarear/trasladar:

Ameixa

Banco e superficie de orixe:

San Adrián (subzona Ostral)

Banco e superficie de destino:

Riomaior

Metodoloxía:

Recollida a man de todos os individuos de ameixa, presentes na parte alta do intermareal, tanto de talla inferior como superior á legal. O motivo desta actuación é retirar os exemplares de especies comerciais situados en zonas con problemas de furtivismo.

Control de peso total e talla media dos exemplares recollidos e traslado en vehículo isoterma ata a zona de destino. Labrado previo á sementeira destes exemplares. Protección con rede de luz de malla de 10 mm, para evitar o impacto dos depredadores.

Materiais empregados:

Angazos, caldeiros, báscula, vehículo isoterma, tractor con sistema de labrado, redes de protección

Cronograma/Calendario:

Está previsto realizar esta actuación no mes de agosto, en dúas xornadas.



Orzamento:

- Labores realizadas polas mariscadoras, en función das necesidades detectadas no momento.

Observacións:

2.1.8 TAREFAS EN SISTEMAS DE PREENGORDE EN ZONAS ACOTADAS

Banco e superficie para a execución da tarefa:

Riomaor e San Adrián (subzona A Loxe).

Metodoloxía:

Sementeira, a altas densidades, de cría de ameixa de talla 7 mm, nunha zona acoutada e protexida cunha rede de luz de malla de 9,8 mm, para levar a cabo o preengorde destes exemplares, ata acadar unha talla duns 20 mm, momento no que se trasladaría a outras zonas para repoboación de bancos marisqueiros. Labrado previo á sementeira.

Control e seguimento da semente cunha periodicidade mensual. Limpeza constante da rede de protección, pola acumulación de algas ou restos de calquera tipo.

Mostraxes mensuais destas zonas, co obxecto de coñecer a evolución dos exemplares sementados, en canto a tallas e porcentaxe de supervivencia. Esta actuación será realizada pola asistencia técnica, con axuda do colectivo de marisqueo a pe.

Materiais empregados:

Tractor con sistema de labrado. Redes de protección, guantes, traxes de auga, sachos, cepillos.

Cronograma/ Calendario:

A sementeira está previsto realizala nos meses de setembro ou outubro. Nos meses posteriores levarase a cabo o control, seguimento e limpeza destas zonas acoutadas.

Orzamento:

- Guantes e traxes de auga- 1.423,20 €

- Rede- 450 €

- Labores realizadas polas mariscadoras, en función das necesidades detectadas no momento.

Observacións:

2.1.9 SEMENTEIRA

Especie a sementar: ameixa

Banco e superficie (aportar plano en anexo): Cabalo, Deilán, Riomaor e San Adrián

Tamaño/s da semente: 15-18 mm

Cantidade de semente: 4 millóns de unidades

Densidade de sementeira: 200 individuos/m²

Metodoloxía:



Sementeira nas zonas altas de cada un dos bancos marisqueiros e tamén noutras zonas específicas, con abundancia de rochas de tamaño pequeno. O motivo de escoller este destino para a semente é a supervivencia, que é moito maior nestas zonas que noutras do mesmo banco. Previo á esta actuación realizarase unha remoción do sedimento de forma manual, xa que nestas zonas non é posible traballar con tractor.

Con posterioridade á propia acción de sementar, realizaranse uns seguimentos periódicos, coa finalidade de controlar o desenvolvemento destes exemplares.

Materiais empregados: angazos, caldeiros

Cronograma/Calendario:

As sementeiras está previsto realizalas nos meses de setembro, outubro, novembro e decembro, cada mes nun banco distinto. O seguimento será realizado mensualmente pola técnica da Confraría, con apoio do colectivo de marisqueo a pe.

Orzamento:

- Labores realizadas polas mariscadoras, en función das necesidades detectadas no momento.

Observacións:

2.1.10 CREACIÓN DE ZONAS DE PROTECCIÓN PARA A MELLORA NO RECRUTAMENTO

Banco e superficie para a execución da tarefa:
Riomaor e San Adrián

Metodoloxía:

Aporte de adultos de ameixa, nunha zona acoutada e protexida con rede de luz de malla de 9,8 mm. Labrado previo á sementeira. A finalidade é facilitar o recrutamento de especies comerciais, concentrando os reprodutores nunha área resgardada de depredadores.

Control, seguimento da ameixa e limpeza continua da rede de protección, pola acumulación de algas ou restos de calquera tipo.

Materiais empregados:

Tractor con sistema de labrado. Redes de protección, sachos, cepillos.

Cronograma/ Calendario:

Introdución de adultos nos meses de agosto, setembro ou outubro. Nos meses posteriores levarase a cabo o control, seguimento e limpeza destas zonas acoutadas.

Orzamento:

- Labores realizadas polas mariscadoras, en función das necesidades detectadas no momento.

Observacións:



2.1.11 PARTICIPACIÓN EN ACCIÓNS DE FORMACIÓN

Descrición:

Xornadas formativas dirixidas a todo o colectivo de marisqueo a pe, con contidos relacionados coa bioloxía das especies comerciais, o mantemento dos hábitats mariños ou a xestión da actividade marisqueira.

Duración:

4 días, 2 horas cada día

Persoal docente:

Asistencia técnica da Confraría

Participantes:

Todas as persoas do colectivo de marisqueo a pe

Materiais empregados:

Equipo informático, proxector

Orzamento:

- Asistencia do colectivo de marisqueo a pé, dous días por ano e dúas horas cada xornada.

Observacións:

2.1.12 OUTROS

2.2 ACCIÓNS DE CONTROL, SEGUIMENTO, PROTECCIÓN E VIXILANCIA DOS BANCOS MARISQUEIROS

2.2.1 VIXILANCIAS

Banco e superficie para a execución da tarefa:

Todos os bancos marisqueiros intermareais

Metodoloxía:

Vixilancia realizada polo colectivo de marisqueo a pe, por quendas, en grupos de tres ou catro persoas nas xornadas nocturnas; e de dúas persoas nas diúrnas.

Cada xornada de vixilancias diúrnas é levada a cabo por tres grupos ó mesmo tempo. En cambio, nas nocturnas unicamente hai un grupo que realiza o control de todo o ámbito de traballo.

O número de horas dedicadas por cada unha das mariscadoras, na quenda que lle corresponde, é de catro horas.

Estas vixilancias son imprescindibles realízalas todo o ano, como apoio ó persoal contratado, para control dos bancos marisqueiros.

Materiais empregados:

Lanternas, prismáticos

Cronograma/ Calendario:

As xornadas de vixilancia, realizadas polo colectivo de marisqueo a pe, levaranse durante todo o ano, en horario nocturno, sendo máis intensas nos meses de verán, nos que ademais incrementáanse con quendas en horario diúrno.

O número de xornadas nocturnas realizadas mensualmente polo conxunto de todas as mariscadoras serían unhas 12 en total; e as diúrnas van a depender da



climatoloxía, pero poderían ser entre 6 e 15.

Orzamento:

- Xornadas de vixilancia realizadas polo colectivo de marisqueo a pe

Observacións:

2.2.2 PARTICIPACION NAS MOSTRAXES E SEGUIMENTO

Banco e superficie para a execución da tarefa:

Todos os bancos marisqueiros

Metodoloxía:

Mostraxes de bancos marisqueiros intermareais, realizadas pola técnica da Confraría, con axuda puntual do colectivo de marisqueo a pe.

As mostraxes de poboacións realízanse dúas veces ó ano, coincidindo coa primavera e o outono. Tamén podería haber outro tipo de mostraxes ó longo do ano, en caso de detectarse mortalidades excepcionais.

Materiais empregados:

Calicatas, peneiras, palas, bolsas rotuladas

Cronograma/ Calendario:

Orzamento:

- Labores realizadas polas mariscadoras, en función das necesidades detectadas no momento.

Observacións:

2.2.3 OUTROS (especificar)

Descrición segundo proceda con indicación do banco, superficie, especies utilizadas ou afectadas, nº de persoas que participaran, sistema de control a aplicar, seguimento e mantemento da tarefa, materiais precisos, orzamento....

3.- CRONOGRAMA DO PLAN:

	2026							2027				
MESES	6	7	8	9	10	11	12	1	2	3	4	5
Xornadas aporte áridos												
Xornadas acondicionamento canles fluviais												
Xornadas remoción												
Xornadas control depredadores												
Xornadas retirada restos orgánicos e inorgánicos												



Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70% – Programa para España FEMPA 21-27 CCI 2021ES14MFPR001 [Prioridade 1 – O.E. 1.6 – T.A. 1.6.1 – T.I. 6]
OIX: Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Xornadas traslados												
Xornadas tarefas sistema preengorde												
Xornadas de sementeiras												
Xornadas tarefas zonas protección para mellora do recrutamento												
Xornadas formación												
Xornadas vixilancias												
Xornadas participación mostraxes												

5.- ORZAMENTO

ACCIÓNS ANO 2026	Orzamento (SEN IVE) material, empresas, ...	Labores directas colectivo marisqueo?
Xornadas aporte áridos	Áridos- 5.088,00 € Estender a area con maquinaria - 1.910,00 €	SI
Xornadas acondicionamento canles fluviais	Empresa contratada- 2.040,00 €	
Xornadas remoción	Botas de auga- 2.001,60 €	SI
Xornadas control depredadores	Raeira- 170 € Saídas embarcación- total 3.200 €	SI
Xornadas retirada restos orgánicos e inorgánicos	Mellora do sistema de autocargador de algas- 584,35 € Material recollida a pé (luvas)- 165,29 € Visita formativa - 1.944,07 € Material divulgación (gorras) - 300,00 € Xornada obradoiro artelixo - 988,35 €	SI



Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70% – Programa para España FEMPA 21-27 CCI 2021ES14MFPR001 [Prioridade 1 – O.E. 1.6 – T.A. 1.6.1 – T.I. 6]
OIX: Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Xornadas traslados		SI
Xornadas tarefas sistema preengorde	Guantes e traxes de auga- 1.423,20 € Rede- 450 €	SI
Xornadas de sementeiras		SI
Xornadas tarefas zonas protección para mellora do recrutamento		SI
Xornadas formación		SI
Xornadas vixilancias		SI
Xornadas participación mostraxes		SI
ORZAMENTO MATERIAL, EMPRESAS,...	20.264,86 €	
ORZAMENTO LABORES COLECTIVO MARISQUEO (14,46 € por hora. 48 horas por mes para cada mariscadora)	166.579,20 €	
TOTAL ANO 2026	186.844,06 €	
7%	13.079,08 €	
TOTAL ANO 2026 + 7%	199.923,14 €	

ACCIÓNS ANO 2027	Orzamento (SEN IVE) material, empresas, ...	Labores directas colectivo marisqueo
Xornadas remoción		SI
Xornadas retirada restos orgánicos e inorgánicos	Xestor autorizado para recollida de residuos mariños- 2.274,77 € Xornada presentación resultados- 326,34 €	SI
Xornadas tarefas sistema preengorde		SI
Xornadas de sementeiras		SI
Xornadas tarefas zonas protección para mellora do recrutamento		SI



Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70% – Programa para España FEMPA 21-27 CCI 2021ES14MFPR001 [Prioridade 1 – O.E. 1.6 – T.A. 1.6.1 – T.I. 6]
OIX: Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Xornadas formación		SI
Xornadas vixilancias		SI
Xornadas participación mostraxes		SI
ORZAMENTO MATERIAL, EMPRESAS,...	2.601,11 €	
ORZAMENTO LABORES COLECTIVO MARISQUEO (14,46 € por hora. 48 horas por mes para cada mariscadora)	166.579,20 €	
TOTAL ANO 2027	169.180,31 €	
7%	11.842,62 €	
TOTAL ANO 2027 + 7%	181.022,93 €	

Vilaboa, 15 de maio de 2026



